



Manual do docente

O día a día en EDIXGAL - Aulaplaneta



Índice

O día a día en EDIXGAL – Ap.....	3
1. Programa as unidades didácticas e prepara os teus materiais.....	4
Como personalizar e modificar unha unidade	6
Que accións permíteme esta modificación?.....	6
Como engado recursos de Aulaplaneta en Edixgal	10
2. Prepara as actividades para a avaliación continua.....	11
3. Corrixe e realiza o seguimento das actividades de Aulaplaneta	14
Tipo de actividade e funcionamento	14
Revisión de actividades.....	17

O día a día en EDIXGAL – Ap

Neste documento explicámosche cal é a **aplicación didáctica dos elementos** que vimos na sección sobre os tipos de recursos dispoñibles e **as funcionalidades** que che axudarán a personalizar e xestionar os materiais e as secuencias de aprendizaxe de forma sinxela, adaptándoas ás túas necesidades e aos diferentes estilos de aprendizaxe do teu alumnado.

Queremos explicarche como podes preparar e xestionar as túas clases a partir dos seguintes aspectos:

1. Programa as unidades didácticas e prepara os teus materiais
2. Personaliza o material de traballo do alumnado
3. Prepara as actividades para a avaliación continua
4. Corrixe e realiza o seguimento das actividades de Aulaplaneta

En cada un dos apartados atoparás imaxes de apoio nas que poderás ver como levar a cabo todas as accións no EVA.



1. Programa as unidades didácticas e prepara os teus materiais

Como profesor, en todos os temas de Aulaplaneta o primeiro que atoparás é o apartado Área de traballo. É o espazo principal do docente para programar e preparar a secuencia didáctica.



Esta secuencia propónche contido en formato texto, actividades e dinámicas para conseguir activar a aprendizaxe e facer que o teu alumnado se cuestione, busque e analice información en diferentes contornas, traballe en equipo, cree e constrúa a súa propia aprendizaxe e, finalmente, que practique e consolide todo o aprendido.


A Área de traballo vai servir para:

- **Coñecer a secuencia didáctica** que che propón Aulaplaneta e todos os recursos dos que dispós e adaptala ás túas necesidades **modificando** a orde e engadindo novos recursos.
- **Seleccionar as actividades** que queiras desenvolver en clase e que propoñan dinámicas que fomenten a indagación e o traballo colaborativo.
- Expoñer os **recursos que apoién as túas explicacións**.
- Elixir e expoñer aqueles exercicios que queiras facer de forma colaborativa no taboleiro dixital.
- Ver os **recursos e actividades contextualizados** co contido teórico.

À súa vez, tes a pantalla **Actividades**, na que atoparás a listaxe de recursos que che ofrecemos en cada sección. Podes centrarte nesta parte sen utilizar o contido de texto teórico. Esta pantalla tamén é visible para o alumnado.




Por último, no apartado **Caderno** poderás visualizar o que verá o teu alumnado. Todo aquilo que modifiques na túa Área de traballo ou en Actividades, tamén se modificará neste espazo.



Como personalizar e modificar unha unidade


Se queres modificar unha unidade, unha sección, un recurso ou calquera aspecto modificable de Aulaplaneta poderás facelo desde calquera das pantallas: Actividades, Área de traballo e Caderno.

En todas elas tes a opción do lapis. Esta función implica a modificación da unidade.




Abrirase unha pantalla que che axudará a crear o tema modificado.

O primeiro que debes facer é introducir un **novo nome** para o tema e seleccionar o curso e a materia onde queres gardar o tema modificado. A unidade modificada duplicarase na localización escollida.







Que accións me permite esta modificación?

- **Editar as seccións:** podemos editar o título, a descrición, ocultalas ao alumnado, movelas dentro da unidade, eliminalas ou duplicalas. A través do botón «+» podemos engadir outras seccións.




Dentro dunha sección poderás modificar tanto o texto como os recursos, así como engadir outro tipo de elementos:



- Modificar os recursos:** permitirache editar o seu contido, ordenalos segundo os teus intereses e preferencias (emprega as frechas para movelos de sección), facelos visibles ou ocúltalos, eliminalos ou duplicalos. Tamén podes movelos a outros cursos ou materias.



- **Editar texto:** a modificación de texto inclúe editar o contido, subliñar, inserir táboas e outros elementos. Todo o que modifiques será visible para o teu alumnado no Caderno, pero podes escoller a opción de facelo só visible para o profesor/a.




- **Engadir elementos** tanto de Aulaplaneta como externos. Esta opción permite:



- Engadir **recursos do catálogo de Aulaplaneta**, tanto doutras materias ou cursos como do Banco de contidos.

- Engadir **recursos propios** tales como: imaxes, vídeo, arquivos Flash, páxinas web, arquivos de son ou documentos Word, Excel, Power Point etc.
- Crear **novos recursos** a partir de modelos que che proporcionamos.



Añadir recurso

1 Elegir tipo 2 Añadir recursos

Selecciona un modelo

Selecciona un modelo completo del catalogo de aulaplaneta, crea un nuevo contenido desde cero, o utiliza una sección ya creada. lorem ipsum facil est.

- Recurso de aulaplaneta**
Añade una sección completa de aulaplaneta con sus recursos vinculados.
- Recurso de nueva creación**
Crea una sección vacía y completala según tus necesidades educativas.
- Recurso propio**
Crea una sección usando los contenido que ya creaste en aulaplaneta.

Cancelar Anterior Siguiente

Ten en conta que:


- Se engades un vídeo, non tes que enlazar a URL senón o **código Embed ou código de inserción**. Isto permíteche engadir vídeos de calquera páxina que conteña vídeos co devandito código. Respecta o copyright.
- Se engades un recurso Flash, asegúrate de que os dispositivos desde os que se vaia a visualizar permitan a reprodución deste tipo de arquivos.
- Se engades un **video ou unha páxina web**, non poderás visualizalo cando traballes sen conexión.

Para engadir **recursos do catálogo** débese entrar na opción «Engadir recurso» e «Recursos de aulaplaneta». Neste punto abrírase unha pantalla desde a que se poden buscar recursos por palabra clave «curso», «materia», e «nivel de dificultade». Unha vez enchidos algúns dos campos despregarase unha listaxe de recursos, nos que aparecerán recursos de Aulaplaneta e do Banco de contidos.

Para poder engadilos ao tema hai que seleccionalos mediante o botón «Incluír recurso» e despois «Engadir recurso».

O recurso inserido aparecerá por defecto ao final da listaxe na pantalla de recursos do tema.

Sempre se deben gardar os cambios antes de pechar.



Añadir recurso

1 Elegir tipo 2 Añadir recursos

Busca y añade contenidos y recursos

Recursos Recursos del Banco de contenidos

Ordenar por Curso Ascendente Busque conceptos, recursos, ideas, etc.

Ordenar por Asignatura

Ordenar por Dificultad

Busca y añade actividades.

Cancelar Anterior Añadir




Na túa materia de EDIXGAL, sempre terás acceso á unidade orixinal do tema. Para poder ver o Caderno que modificaches, debes incluílo a través da opción «Engadir unha actividade ou recurso» da túa materia de EDIXGAL.

Como engado recursos de Aulaplaneta en EDIXGAL?

Para incorporar calquera tipo de recurso de Aulaplaneta na túa materia debes:

- **Activar a edición** da túa materia e acceder á opción «**Engadir unha actividade ou recurso**».
- Abrirásече a cuadrícula na que poderás seleccionar un recurso ou unha actividade.



Outra das opcións para engadir recursos é a través do **Buscador**. Tamén deberás activar a edición e poderás filtrar os recursos para engadilos á túa aula virtual.

2. Prepara as actividades para a avaliación continua


As actividades de Aulaplaneta teñen como obxectivo principal conseguir que os alumnos e alumnas consoliden todos os coñecementos e habilidades que deben aprender, mediante a exercitación, a práctica e a avaliación desta.

Con estas actividades, autocorrixibles e abertas, podes propoñer actividades avaliábeis ou non, sobre todos os temas que queiras dispoñibles en Aulaplaneta.


Nas pantallas Área de traballo, Actividades e Caderno podes ver as actividades dispoñibles para traballar cada un dos temas do currículo. Tamén podes realizalas con toda a clase a través do taboleiro dixital ou propoñendo que realicen o exercicio no caderno.

Se queres que vexan e realicen os exercicios e as actividades de Aulaplaneta de forma individual e queres incorporalos como un instrumento de avaliación máis, debes incluílos na materia e no tema que se corresponda. Tes dúas opcións:


- Entrar na unidade e engadir o recurso ou actividade a través dos tres puntos: «Enviar a Moodle».





- Engadir o recurso de avaliación desde **o buscador**:
 1. Debes activar a edición da túa materia, ir ao tema onde queiras incorporar as actividades, seleccionar a opción «Engadir unha actividade ou recurso» e, por último, marcar a casa de «Anexar recurso».




2. Unha vez dentro, na casa do buscador debes incorporar a palabra clave para localizar a actividade que queres atopar. Neste momento, tamén podes filtrar a procura polo curso, a materia, a competencia e a subcompetencia que traballa.




 Como docente, tes acceso a todos os recursos de Aulaplaneta, así que se estás a traballar nun proxecto interdisciplinario e necesitas unha actividade doutra materia ou ben buscas actividades dun nivel máis baixo ou máis alto do curso no que estás a traballar, podes atopar os recursos e actividades que necesitas utilizando o buscador que che aparece cando incorporas un recurso.

3. Unha vez feita a procura aparecerache unha listaxe de recursos que poderás consultar e incorporar ao teu tema. Seleccionando o símbolo , marcarás o recurso que queres incorporar. Para finalizar debes seleccionar o botón «Gardar os cambios e regresar á materia» e xa terás a actividade gardada no tema elixido.

 Ten en conta que só podes incorporar un recurso por procura. Para poder cargar máis recursos debes repetir o proceso explicado.

4. Para que o resultado destas actividades quede vinculado a unha avaliación concreta, debes asignalo manualmente accedendo á páxina de cualificacións.



A realización das actividades e a corrección e o seguimento destas explicase no apartado seguinte.

3. Corrixe e realiza o seguimento das actividades de Aulaplaneta

Unha vez seleccionadas as actividades e incorporadas no tema, os alumnos e alumnas poderan ver e realizar no momento que accedan ao curso.

Ti como docente, podes facer un seguimento das actividades que realizan. A continuación, facemos un breve resumo sobre o tipo de actividade que poderá realizar o alumnado, como as realizan e como e onde podes revisalas.

Tipo de actividade e funcionamento

Existen tres tipos de actividade que podemos avaliar co EVA: as **autocorrixibles** (incluíndo as chamadas «avaliación»), as **abertas** e as de **competencias ou proxecto**. Imos ver o funcionamento de cada unha delas.



Actividades **autocorrixibles**

Estas actividades corríxense automaticamente, facilitando ao docente a corrección das tarefas e ofrecendo ao alumnado a corrección da mesma de forma inmediata.

Como pode realizar a actividade o alumnado?

- Cando o alumnado accede á tarefa debe completar a actividade seguindo as indicacións do enunciado.
- Unha vez fixo e comprobou o exercicio debe seleccionar a opción «**Corrixir**», para ver a corrección e enviar as respostas ao docente. Cando prememos nesta opción, o sistema avisa ao estudante de que se almacenará o resultado e, polo tanto, de que o recibirá o docente. Ten a opción de aceptar ou cancelar e repasar o exercicio.
- Se cree que non fixo ben a tarefa, antes de corrixir, pode volver tentar facer o exercicio, dándolle á opción «**Reintentar**».
- Unha vez enviado o resultado, o sistema mostra a nota obtida e a corrección da actividade, destacando os acertos, os erros e finalmente a solución.








Actividades abiertas

As actividades de preguntas con resposta libre son actividades nas que o alumnado debe contestar en modo de redacción libre unha serie de preguntas preestablecidas. Ao ser de resposta aberta, o sistema non pode corrixir a resposta de forma automática. É o docente o que debe revisar e corrixir o traballo.

Como pode realizar a actividade o alumnado?

- Cando o alumnado accede á tarefa debe contestar ás diferentes preguntas expostas seguindo as indicacións do enunciado.
- Se non pode completar todas as preguntas no tempo destinado a iso, ten a opción de «Gardar» as respostas e seguir respondendo cando poida volver conectarse. Deste xeito, o alumno non perde o traballo realizado e pode organizarse mellor a realización das tarefas.
- Unha vez respondeu e comprobou todas as preguntas do exercicio, debe seleccionar a opción «Enviar», para enviar as respostas ao docente. Cando prememos nesta opción, o sistema avísalle de que se almacenará o resultado e, polo tanto, de que o recibirá o docente. Ten a opción de aceptar ou cancelar e repasar o exercicio.
- Unha vez enviado o resultado, o sistema infórmalle que **a actividade foi enviada** para validar.





Actividades de competencias e proxectos

Estas actividades son as que propoñen unha **investigación** concreta e a realización dun **produto final** que o alumnado deberá realizar fóra da contorna de EDIXGAL-Aulaplaneta.

Nestas actividades faise unha descrición e explicación detallada da tarefa que deberán realizar, tanto na fase de investigación como na de desenvolvemento do produto.

Neste caso o docente pode enviar a actividade ao alumnado para que saiba o que debe facer e siga as indicacións establecidas, sabendo que deberá realizar e entregar a actividade fóra da plataforma e no formato que lles indique o docente.



Competencias: clasificación de los seres vivos del reino animal aulaplaneta

Presentación Tarea



El conjunto de animales que pueblan la Tierra constituyen el reino animal. El ser humano está incluido en este reino y pertenece al grupo de los mamíferos.

Los animales se clasifican en función de sus características. Por eso, si queremos clasificar varios animales, debemos encontrar rasgos comunes entre ellos que nos permitan separarlos en grupos más pequeños. Por ejemplo, uno de los rasgos que permiten realizar esta clasificación es la presencia o ausencia de columna vertebral, que sirve para distinguir entre animales invertebrados y animales vertebrados.

El objetivo de esta actividad es que aprendas a clasificar diferentes animales a partir del análisis de sus características.

Antes de comenzar la actividad, es importante que repases las características de los siguientes grupos de animales:

- Invertebrados: esponjas, cnidarios, gusanos, moluscos, equinodermos, artrópodos.



Lembra que, aínda que aparecen as opcións de «anexar traballo» e «enviar», estas están inactivas. O alumnado deberá entregarche o traballo a través doutra vía (na man, por correo electrónico etc.).

Revisión de actividades

Na pestana de cualificacións, iranse rexistrando o resultado das actividades que vaian realizando os teus alumnos e alumnas e poderás revisar e corrixir cada un dos exercicios.


Alumno/a	Comentarios para o/a alumno/a	Nota
Alumno Planeta		-
Avaliación 1		
Sen asignar a un aspecto		
Responde sobre a conquista da Lúa		
Que sabes sobre a Lúa?		30,00 Submitido
Que sabes sobre a Lúa?		-
Avaliación 2		
Avaliación 3		
Sen asignar a un aspecto		
Coñece a gravidade		71,40
Reforza a túa aprendizaxe: Os riscos para a saúde	Muy buen trabajo	85,00 Submitido
Descubre os virus		83,30
Sen asignar unha avaliación		
Que sabes sobre a Lúa?		-
Coñece a función de nutrición nas plantas		-
Reforza a túa aprendizaxe: O planeta no que vivimos		-

Como revisar e corrixir as actividades

1. Deberás **entrar á ficha** de cada un dos estudantes e acceder ao recurso que queiras corrixir.
2. Unha vez dentro, aparecerache unha cuadrícula na que che indica se **entrou e realizou a actividade** ou non e se o fixo, que **día e a que hora**.

Entregas para Que sabes sobre a Lúa?			
Usuario	Data de envío	Nota	Revisa o intento
Alumno Planeta	10/04/2018, 13:13	30,00% <i>nota orixinal 20,00%</i>	Revisa o intento

3. No caso de que o alumno ou a alumna xa realizase a actividade, poderás **acceder a revisar** a mesma. Unha vez dentro, poderás **ver os resultados obtidos**, no caso das actividades autocorrixibles, e **ver as respostas das preguntas para revisalas**, no caso das actividades abertas. Como sabes, no caso das actividades de proxecto, o alumnado non debe facer nada dentro da plataforma, é por iso que non poderás acceder de novo ao recurso para



avaliado, senón que deberás avaliálos mediante o traballo que che entregaron no formato que lles indicaches.

Para **introducir a cualificación das actividades abertas** e de competencias e proxectos, ou para **modificar a das actividades autocorrixibles**, debes activar o modo edición da opción «cualificacións» e na ficha de cada alumno ou alumna poderás introducir as notas, modificarlas e enviar comentarios, como xa fas co resto de tarefas de EDIXGAL.

Alumno/a	Comentarios para o/a alumno/a	Nota
Alumno Planeta	<input type="text"/>	<input type="text"/>
Avaliación 1	<input type="text"/>	<input type="text"/>
Avaliación 2	<input type="text"/>	<input type="text"/>
Avaliación 3	<input type="text"/>	<input type="text"/>
Sen asignar a un aspecto		
Coñece a gravidade	<input type="text"/>	71,40
Reforza a túa aprendizaxe: Os riscos para a saúde	Muy buen trabajo	85,00 Substituído Restaurar orixinal:
Descubre os virus	<input type="text"/>	83,30
Sen asignar unha avaliación		
Que sabes sobre a Lúa?	<input type="text"/>	<input type="text"/>
Coñece a función de nutrición nas plantas	<input type="text"/>	<input type="text"/>
Reforza a túa aprendizaxe: O planeta no que vivimos	<input type="text"/>	<input type="text"/>